

# TRABALLO FIN DE ESTUDOS MUSICOLOXÍA

## **Créditos:**

10 créditos ECTS.

## **Requisitos previos e duración:**

Ao finalizar o cuarto curso o alumnado desenvolverá un Traballo Fin de Estudos (TFE) consistente nun traballo relacionado cos ámbitos de coñecemento abordados ao longo dos seus estudos.

A matrícula correspondente ao TFE formalizarase xunto coa matrícula ordinaria das materias correspondentes ao cuarto curso, cando se trate de matrícula de curso completo, estando a súa presentación pública condicionada á superación de todas as disciplinas que integran o plan de estudos da especialidade. A presentación pública do TFE celebrarase durante un período de tempo non superior a oito meses contados desde a finalización do período de exames no que o/a alumno/a supere as disciplinas necesarias. O alumnado que non supere dito TFE disporá dunha segunda convocatoria que deberá ter lugar dentro dun período máximo de oito meses contados desde a convocatoria non superada. Co fin de non interferir no correcto desenvolvemento das actividades do conservatorio, o centro propondrá un calendario para o efecto.

## **Competencias:**

O TFE participa das competencias consideradas xerais para todas as especialidades, así como, das específicas de Musicoloxía, en especial aquelas que comportan actividades intelectuais de alto nivel (análise, síntese e avaliación crítica). Así e todo, e dado o seu carácter eminentemente práctico, sinalamos en especial as seguintes competencias, cuxa incidencia en cada traballo particular será variable, conforme á temática específica en cada caso:

1. Adecuar a difusión de coñecementos musicolóxicos a ámbitos non especializados.
2. Adquirir experiencia na selección de información e da súa aplicación á elaboración de traballos etnomusicolóxicos.
3. Ampliar e dinamizar a memoria e a creatividade musical.
4. Analizar e avaliar a situación de determinados bens y obxectos patrimoniais para aplicar e promover actuacións na súa defensa e difusión.
5. Analizar e examinar os mecanismos de significación da música en conxunción con imaxes en movemento, clasificándoas por xéneros.
6. Aplicar criterios analíticos no recoñecemento de estruturas musicais.
7. Aplicar criterios de interpretación informados na edición e execución da música.
8. Apreciar o valor das músicas populares que integran o panorama actual en Galicia e no conxunto da Península Ibérica, as súas particularidades, problemática e proxección social.

9. Aprender a utilizar e coñecer as ferramentas para xestionar a información sobre culturas musicais do mundo en función de distintas necesidades da sociedade actual.
10. Coñecer as principais tendencias historiográficas musicolóxicas e o seu contexto socio-cultural.
11. Deducir información relativa á datación, xénese, interpretación, valoración, difusión e/ou recepción dunha obra musical a partir das súas fontes documentais.
12. Definir e acoutar temas de investigación musicolóxica e etnomusicolóxica pertinentes mediante metodoloxías adecuadas e actualizadas.
13. Desenvolver capacidades de percepción e discriminación auditiva e de entoación e afinación musical correctas.
14. Desenvolver habilidades para a redacción de textos avanzados: coherencia, cohesión, macroestrutura, sintaxe.
15. Desenvolver a intuición acerca de procesos cognitivos implicados na produción musical.
16. Discutir razoadamente a incidencia de diferentes recursos técnicos e formulacións ideolóxicas na configuración da “obra” musical.
17. Dominar as técnicas de catalogación e difusión musicais.
18. Exercitar a flexibilidade epistemolóxica y axiolóxica en función dos contextos.
19. Encadrar as obras musicais no seu contexto creativo e en relación comparativa con outras actividades artísticas e correntes literarias, filosóficas e estéticas.
20. Avaliar produtos musicais tales como as edicións e as gravacións musicais.
21. Fomentar a capacidade crítica do alumnado respecto a diversos produtos musicais, tales como as edicións e as gravacións de determinados repertorios.
22. Xerar criterios informados para a interpretación da literatura histórica.
23. Manexar con rigor as distintas metodoloxías de análise do feito sonoro.
24. Manexar diversas estratexias e métodos para a identificación, salvagarda, difusión e rendibilidade de eventuais xacementos patrimoniais.
25. Manexar os conceptos, procesos e ferramentas básicos de xestión musical.
26. Manexar un vocabulario técnico preciso e adecuado das músicas populares urbanas, pero intelixible tamén en ámbitos non musicolóxicos.
27. Mostrar unha comprensión da relación entre teoría e práctica musical, e ser capaz de manexar as técnicas e métodos máis importantes para explicar e demostrar esa interrelación.
28. Realizar experiencias satisfactorias de documentación sonora e audiovisual de materiais etnomusicolóxicos.
29. Realizar presentacións de carácter oral e escrito con rigor científico sobre as temáticas estudadas.
30. Realizar presentacións de traballos individuais ou colectivos de carácter oral e escrito asimilando e sintetizando información para expresar conclusións, manexando unha terminoloxía apropiada nos conceptos e significados.
31. Ser capaz de desenvolverse adecuadamente nas distintas situacións comunicativas do ámbito académico.
32. Utilizar tecnoloxía etnomusicolóxica a través do coñecemento de equipos e soportes actualizados e pertinentes.
33. Utilizar todos os recursos informáticos dispoñibles para elaborar bases de datos documentais e outros resultados a partir do feito sonoro ou de algunha das súas interpretacións e/ou categorizacións.
34. Valorar criticamente a tradición historiográfica sobre o patrimonio musical.
35. Valorar o patrimonio histórico da música occidental e das músicas do mundo.
36. Valorar as achegas dos estudosos e exercitar a capacidade de diálogo científico.
37. Valorar as proxeccións do elemento patrimonial como obxecto de investigación, como fundamento identitario e como factor de desenvolvemento.

## Resultados da aprendizaxe:

Os resultados da aprendizaxe inscríbense no formato académico de “Traballo Fin de Grao”. A incidencia dos diversos resultados no conxunto variará conforme á temática específica do TFE:

1. Difusión de coñecementos musicolóxicos derivados do TFE en ámbitos non especializados mediante exposicións públicas divulgativas (conferencias, presentacións) e/ou científicas (comunicacións, seminarios, etc.).
2. Discusión crítica bibliográfica para elaborar un estado da cuestión.
3. Realización crítica e creativa de textos musicolóxicos e musicais.
4. Elaboración de plans de rehabilitación, desde os documentos ata a execución práctica, de repertorios musicais patrimoniais.
5. Clasificación xenérica e análise hermenéutico de mecanismos de significación activos en repertorios audiovisuais.
6. Elaboración de análises musicais centrados nos diversos parámetros técnicos.
7. Argumentación de propostas de edición e execución historicamente informada.
8. Redacción de ensaios sobre a problemática e proxección social das músicas populares hispanas e lusas.
9. Elaboración de informes relativos a diversos aspectos da xestión de diversas culturas musicais.
10. Redacción de recensións críticas sobre referencias historiográficas musicolóxicas partindo da consideración do seu contexto socio-cultural.
11. Elaboración de, a partir de diferentes fontes documentais musicais deducións sobre datación, xénese, interpretación, valoración, difusión e/ou recepción de unha obra musical.
12. Definición xustificada dun tema de investigación musicolóxica ou etnomusicolóxica.
13. Realización dun texto académico avanzado, con coherencia, orde y claridade expositivas.
14. Elaboración de ensaios críticos sobre a incidencia dos procesos intuitivos no mercado e a produción musical.
15. Redacción de ensaios críticos sobre a relación entre técnica e ideoloxía musicais.
16. Confección dun catálogo musical.
17. Análise dun mesmo obxecto ou repertorio musical desde enfoques metodolóxicos diversos.
18. Ensaio crítico sobre unha obra musical en relación co seu contexto artístico e cultural.
19. Redacción de críticas discográficas, considerando os enfoques historicistas.
20. Redacción de críticas sobre edicións de partituras, considerando os enfoques historicistas.
21. Edición crítica dunha partitura, aportando orientacións historicamente informadas sobre a súa interpretación práctica.
22. Aplicación de varios métodos de análise musical a unha mesma obra.
23. Elaboración dun informe razoado ponderando as diversas estratexias posibles para a divulgación e rendibilidade do patrimonio musical.
24. Elaboración dunha proposta razoada, empregando unha terminoloxía técnica de xestión musical adecuada, de programación musical para unha institución pública ou privada determinada.
25. Redacción de críticas discográficas e de concertos de repertorio musical popular urbano, en linguaxe intelixible para público non especializado.
26. Redacción de críticas discográficas e de concertos en vivo valorando a incidencia das dificultades técnicas do repertorio na súa execución práctica.
27. Deseño e elaboración de materiais sonoros e audiovisuais etnomusicolóxicos.
28. Preparación de presentacións orais (conferencias, comunicacións) e escritas (artigos, ensaios, recensións) sobre o tema de estudo.
29. Exposición clara e sintética, e con emprego dunha terminoloxía adecuada, das principais conclusións do Traballo Fin de Carreira.
30. Adaptación duns mesmos contidos musicolóxicos a diversos contextos divulgativos, tanto académicos como non académicos.

31. Deseño e preparación de materiais etnomusicolóxicos ponderando os recursos tecnolóxicos dispoñibles.
32. Deseño e realización dunha base de datos documental de interese musicolóxico (catálogo de obras, bibliografía, fotografías, rexistros sonoros, fontes de partituras, correspondencia, etc.)
33. Ensaio crítico sobre un repertorio definido de referencias historiográficas.
34. Recensión sobre a incidencia do patrimonio musical en diferentes contextos culturais.
35. Elaboración dun ensaio crítico que poña de relevo puntos de contacto entre diferentes disciplinas artísticas e a música.
36. Argumentación, fundamentada documentalmente, sobre as repercusións da investigación do patrimonio musical na configuración da identidade cultural e no desenvolvemento social e económico.

### **Actividades formativas:**

Todas as actividades formativas concíbense en torno á elaboración do TFE e resúmense a través de diversos apartados-tipo, que teñen que ser redactados con orden, claridade, solidez na argumentación e afán crítico e científico:

1. Xustificación do tema do Traballo.
2. Definición dos obxectivos do Traballo.
3. Elaboración do estado da cuestión sobre o tema proposto.
4. Discusión metodolóxica.
5. Deseño de bases de datos e utilización de recursos informáticos e Tecnolóxicos, no seu caso.
6. Articulación do Traballo.
7. Desenvolvemento do Traballo.
8. Conclusións.
9. Bibliografía.
10. Índices e anexos.

Ademais da realización redactada do traballo, existe un conxunto de actividades que serven como preparación para a fase de redacción, permitindo recoller datos, contrastar resultados, comparar documentación, estudar repertorios, etc.

Na especialidade de Musicoloxía realizarase un traballo de investigación relacionado coas disciplinas obrigatorias específicas das abordadas polo/a alumno/a ao longo dos seus estudos. O traballo de investigación deberá ter unha extensión mínima de cen páxinas, en tamaño DIN A-4 con letra Arial 12 puntos a dobre espazo, sen contar coas referencias bibliográficas e os títulos. Dito traballo deberá conter un resumo do mesmo nun idioma estranxeiro. O traballo será defendido diante do tribunal constituído a tal efecto.

### **Titorías e seguimento do traballo:**

O alumnado do TFE deberá propoñerlle ao departamento da súa especialidade, aportando a documentación necesaria, o tema concreto que pretende desenvolver, quen determinará a súa idoneidade. De non considerarse idónea a proposta formulada, o/a alumno/a deberá aceptar os cambios propostos polo departamento, ou formular unha nova proposta.

Este traballo deberá ser orixinal e achegar coñecemento no seu campo.

O alumnado do TFE contará coa titoría dun/unha profesor/a da especialidade, en horario que será determinado pola xefatura de estudos do conservatorio, oído o equipo docente da especialidade e en función das necesidades de organización xeral da mesma.

### **Tribunal:**

Para a organización, avaliación e cualificación do TFE, constituirase un tribunal integrado preferentemente polos docentes da especialidade correspondente, nomeado pola dirección do centro, a proposta da xefatura de estudos, que estará integrado por un/ha presidente/a, un/ha secretario/a e tres vogais. A dirección do centro ordenará a substitución de calquera dos membros do tribunal, cando proceda, por ausencia xustificada.

### **Exemplares do TFE:**

O alumnado debe presentar cinco exemplares do seu TFE, para cada un dos membros do tribunal, encadernados en espiral, canudíño, etc. A maiores, debe presentar un exemplar do seu TFE, que quedará depositado na biblioteca do centro, nun formato de maior calidade, con pastas duras.

### **Procedementos de Avaliación da adquisición de competencias e sistema de Cualificacións:**

Os procedementos de avaliación establecidos para o TFE parten da base dunha necesidade de avaliación continua das actividades desenvolvidas polo alumnado. Mais, dado que a concreción do traballo reflíctese nos diferentes apartados, son estes os que definen a avaliación. Como as diferentes temáticas poden condicionar a realización do traballo, expónse a continuación un baremo aproximado:

1. Orixinalidade: 10 %
2. Tratamento de fontes (uso de bases de datos, enquisas, etc): 15 %
3. Metodoloxía: 25 %
4. Aspectos expositivos: 15 %
5. Discurso argumental: 20 %
6. Achegas e conclusións: 15 %

A cualificación do TFE, que será única, calcularase a partir da media aritmética das cualificacións emitidas polos membros do tribunal presentes na sesión de cualificación, expresada en termos numéricos cun decimal, eliminando as cualificacións individuais dos membros do tribunal que difiran entre si tres ou máis enteiros. No caso de empate entre cualificacións máximas ou mínimas, só será excluída unha delas.

O alumnado disporá de dúas convocatorias para a superación do TFE.